



**SESIÓN ORGANIZATIVA MANDATO 2019-2023**  
**DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS**

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

**VISTO** o acordo adoptado polo Pleno da Coporación na Sesión Extraordinaria celebrada o día 4 de xullo de 2019, polo que se aproba a relación de cargos que se deben desempeñar en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, recoñécense os seus dereitos económicos e fíxanse as retribucións que lles correspondan.

**ACREDITADA** a renuncia efectuada a percibir a dedicación parcial aprobada polo Pleno da Corporación na devandita Sesión a favor do concelleiro/a voceiro/a do Grupo Municipal PBBII.

**EXAMINADA** a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co disposto nos artigos 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Disposición adicional trixésima quinta da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, xunto ao incremento adicional publicado no Documento da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, aprobado o 13/07/2018 e publicado o 27 de xullo de 2018, o artigo 13.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e a Orde de 12 de marzo de 1986 sobre Alta e Cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social dos membros de Corporacións Locais con Dedicación Exclusiva

**RESOLVO**

**PRIMEIRO:-** Designar aos membros concretos que deben desempeñar os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, coas retribucións acordadas polo Pleno na Sesión extraordinaria de data 4 de xullo de 2019:

**DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS**

<b>CARGO</b>	<b>NOME</b>	<b>RETRIBUCIÓNS BRUTAS/ANO</b>
-Sr. Alcalde-presidente, <b>D. Manuel Ruiz Rivas</b>		55.482,14€, retribución vixente.
-Sra. Concelleira Delegada de Infraestructuras e Obras, e Cultura, <b>Dña María José Sampedro</b>		33.610,04€, actualizados a 2019 de acordo ao incremento previsto para os funcionarios no





<b>Fernández</b>	RDLei 24/2018.
-Sr. Concelleiro Delegado de Persoal, Benestar Comunitario, Mercados e Consumo, <b>D. Manuel Emilio Pérez Outeiral</b>	33.610,04€, actualizados a 2019 de acordo ao incremento previsto para os funcionarios no RDLei 24/2018.

### **DEDICACIÓNS PARCIAIS**

<b>CARGO</b>	<b>RETRIBUCIÓNS BRUTAS/ANO</b>
-Sr. Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, <b>Dna. Ana Isabel Ruiz Reiriz</b>	25.207,53€, actualizados a 2019 de acordo ao incremento previsto para os funcionarios no RDLei 24/2018.
-Sr. Concelleiro voceiro grupo municipal Ps de G-Psoe, <b>D. José Manuel Vilas Álvarez</b>	25.207,53€, actualizados a 2019 de acordo ao incremento previsto para os funcionarios no RDLei 24/2018.
-Sr. Concelleiro voceiro grupo municipal BNG, <b>D. Xosé Antonio Vázquez Cobas</b>	25.207,53€, actualizados a 2019 de acordo ao incremento previsto para os funcionarios no RDLei 24/2018.

**SEGUNDO**: -Os efectos económicos da presente resolución serán:

-**Sr. Alcalde-presidente**, D. Manuel Ruiz Rivas: dende a data da súa toma de posesión, 15 de xuño de 2019.

-**Sra. Concelleira Delegada de Infraestructuras e Obras, e Cultura**, Dna María José Sampedro: dende a data da resolución do seu nomeamento, 20 de xuño de 2019.

-**Sr. Concelleiro Delegado de Persoal, Benestar Comunitario, Mercados e Consumo**, D. Manuel Emilio Pérez Outeiral, dende a data da resolución do seu nomeamento, 20 de xuño de 2019.

- **Sr. Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade**, Dna. Ana Isabel Ruiz Reiriz dende a data da resolución do seu nomeamento, 20 de xuño de 2019.

- **Sr. Concelleiro voceiro grupo Ps de G-Psoe**, D. José Manuel Vilas Álvarez: dende a data da presente resolución, 5 de xullo de 2019.

-**Sr. Concelleiro/a voceiro/a grupo BNG**, D. Xosé Antonio Vázquez Cobas dende a data da presente resolución, 5 de xullo de 2019..

**TERCEIRO**. Formalizar cos designados o correspondente contrato e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social de conformidade co artigo 75.1 e 2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**CUARTO**. Notificar a presente Resolución aos interesados aos efectos da súa aceptación expresa.





C O N C E L L O  
D E  
R I V E I R A  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

**QUINTO.** Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria, de conformidade co artigo 13.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

**SEXTO.** Que se publique no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña de forma íntegra a presente Resolución, aos efectos do seu xeral coñecemento, dada a súa transcendencia.

Así mesmo, publicar a resolución na sede electrónica deste Concello [dirección <https://www.riveira.es>]

Riveira, 5 de xullo de 2019.  
O alcalde-presidente

Asdo. Manuel Ruiz Rivas

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30005B9AC00V1H8M1L2Q5V6 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 05/07/2019  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/07/2019 12:19:34

**DOCUMENTO: 20190375212**

Fecha: 05/07/2019  
Hora: 12:19

